

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente

NÚMERO: 2024/3

DATA: mércores 7 de febreiro de 2024

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:05 h

HORA DE REMATE: 21:02 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA accidental VANESSA REBOREDO FRAGA, que redacta esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG
SARELA BETANZOS FREIRE
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
ANTONIO ISORNA VICENTE
RAMÓN VICENTE VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
MARÍA ELENA ABUIN CAROU
JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE
PSdeG-PSOE
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO
TAMARA GARCIA MUÑIZ
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
Rianxo en Común
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO
JOSÉ ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO
JULIO ALCALDE HERMO

AUSENTES

PSdeG-PSOE
OSCAR RIAL LAGO
MARÍA ELENA OTERO OTERO

ORDE DO DÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 609.016 exp. 2024/G010/000003

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA
2. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2024
3. APROBAR O POS + ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS
4. ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIANXO Á FEMP
5. ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP
6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA) E O CONCELLO DE RIANXO EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:

5f0bdf9a2d4cbba91b9d87883a6bc00ddf36769331281e3ef150dc43c59da23

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://www.youtube.com/watch?v=0H_YwEF4ks

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A urxencia da sesión ven dada polo prazo de presentación na plataforma SUBTEL da Deputación da Coruña, da subvención APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL - (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) -"POS+ 2024" e APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS - "POS+ ADICIONAL 1/2024" que rematan o 09/02/2024, polo que é necesario a aprobación do expediente do POS 2024.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, RATIFICAR A URXENCIA.

2 APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2024

Dáse lectura da proposta presentada:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS + 2024, aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 24 de novembro de 2023, e publicadas no BOP nº 227 de data 28/11/2023.

Vistos os distintos informes emitidos polos servizos municipais, necesarios segundo as bases reguladoras para completar o expediente.

Considerando que o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal constitúe un instrumento fundamental para o normal e correcto funcionamento dos servizos municipais posto que a contía asignada a gasto corrente supón un financiamento fundamental para os servizos públicos obrigatorios, que permite a redución do endebedamento do concello cos provedores e entidades financeiras e que os investimentos propostos contribúen a mellorar a calidade de vida dos veciños do concello respectando as esixencias de estabilidade e sustentabilidade financeira.

Considerando as cantidades asignadas a este Concello, a finalidade e o obxecto do Plan así como as demais instrucións contidas na circular do POS+ 2024, é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

- 1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2024" e con cargo á "achega provincial 2023":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	84.063,22
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	0
Subtotal gasto corrente	84.063,22

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
CONEXIÓN DE REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA ENTRE CORQUES E OUTEIRO DE TARAGOÑA POLA AC-305	90.713,70				90.713,70	
ILUMINACIÓN PASEO MARÍTIMO: SETEFOGAS-A TORRE - FASE II	39.999,99				39.999,99	
ALUMEADO PÚBLICO DO PASEO MARÍTIMO: SETEFOGAS-A TORRE - FASE III	39.999,99				39.999,99	
Subtotal investimentos achega provincial 2024	170.713,68				170.713,68	

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
AMPLIACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILANUSTRE, EN ASADOS (RIANXO)	197.582,00				197.582,00	
Subtotal investimentos achega provincial 2023	197.582,00				197.582,00	

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)

Deputación

Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	0

✓ **Resumo:**

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello		Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	84.063,22			84.063,22
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)				
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024	170.713,68			170.713,68
	Achega 2023	197.582,00			197.582,00
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024				
	Achega 2023	0			0
D- TOTAL	Achega 2024	254.776,90			254.776,90
	Achega 2023	197.582,00			197.582,00
	TOTAL	452.358,90			452.358,90

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)

		deducible)	
DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NO LUGAR DE VILAS, NO CONCELLO DE RIANXO - FASE 2	145.523,78		145.523,78 €
TOTAIS	145.523,78 €		145.523,78 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 01/02/2024 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

3 APROBAR O POS + ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a **APROBAR O POS + ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS**, sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS + 2024, aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 24 de novembro de 2023, e publicadas no BOP nº 227 de data 28/11/2023.

Vistos os distintos informes emitidos polos servizos municipais, necesarios segundo as bases reguladoras para completar o expediente.

Considerando as cantidades asignadas a este Concello, a finalidade e o obxecto do Plan así como as demais instrucións contidas na circular do POS+ 2024, é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ Adicional 1/2024"** da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024

Dato notificado que figura no seu expediente

72.793,40 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIO NAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.			0,00 €	0,00 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	15.000,00 €		15.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas	961.120,08 €	779.522,83 €	181.597,25 €	15.281,82 €	166.315,43 €

nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.					
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	20.000,00 €		20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	24.511,58 €		24.511,58 €	24.511,58 €	0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumplan os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	1.020.631,66 €	779.522,83 €	241.108,83 €	64.793,40 €	176.315,43 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.	8.000,00 €		8.000,00 €	8.000,00 €	0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	8.000,00 €	0,00 €	8.000,00 €	8.000,00 €	0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	1.028.631,66 €	779.522,83 €	249.108,83 €	72.793,40 €	176.315,43 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	64.793,40 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	8.000,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	72.793,40 €

2.- Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos

subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

4 ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIANXO Á FEMP

Dáse lectura da proposta presentada:

Exposición de motivos:

A Federación Española de Municipios e Provincias é unha Asociación constituída polos Municipios, Illas, Provincias e outros Entes Locais que voluntariamente decidan integrarse nela para a promoción e defensa dos seus intereses comúns. Constitúen os fins da FEMP, entre outros,:

- a) O fomento e defensa da autonomía das Entidades Locais.
- b) A representación e defensa institucional dos intereses xerais dos Entes Locais #ante o resto das Administracións Públicas, e en concreto ante as Institucións do Estado.
- c) O desenvolvemento e consolidación do espírito europeo no ámbito local baseado na autonomía e solidariedade entre os Entes Locais.
- d) A promoción e favorecemento das relacións de amizade e cooperación cos Entes Locais e as súas organizacións no ámbito internacional, especialmente co municipalismo europeo, iberoamericano e árabe.
- e) A prestación, directamente ou a través de sociedades ou de entidades, de toda clase de servizos ás Corporacións Locais ou aos entes dependentes destas.
- f) Calquera outro fin que afecte de forma directa ou indirecta aos seus asociados.

Visto que os Concellos poden en base ao disposto na Disposición Adicional 5ª da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non previsto nel, a lexislación do Estado en materia de asociacións,

Vista a memoria xustificativa da necesidade da adhesión de data 9/01/2024

Visto o acordo Consello Territorial da FEMP de 15/12/2022

Visto o Real Decreto 1085/2023 de 5 de decembro, polo que se declaran oficiais, as cifras de poboación resultantes do Padrón municipal referidas a 1 de xaneiro de 2023, ascende á cantidade de 10.854,

Visto o RC de data 24/01/2024,

Visto o informe de secretaria de data 25/01/2024,

Vista a dilixencia de intervención de data 25/01/2024

En virtude do tenor das consideracións xurídicas expostas, e vistos os artigos 8 e 9 do Estatutos da Federación Española de Municipios e Provincias, aprobados no XII Pleno da FEMP, así coma de conformidade co indicado no artigo 47.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a adhesión a unha organización asociativa por parte do concello precisa da previa aprobación do órgano plenario, co voto favorable de cando menos a maioría absoluta dos seus membros, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a adhesión do Concello de Rianxo á Federación Española de Municipios e Provincias.

SEGUNDO. Aprobar e dispoñer a contía orzamentaria de 611,08 euros en concepto de cota ordinaria da asociación para o ano 2024, na aplicación 9201/46600 co gallo de responder ás obrigas dimanadas do artigo 10 dos Estatutos da Federación Española de Municipios e Provincias, aprobados no XII Pleno da FEMP, así como polo disposto no acordo Consello Territorial da FEMP de 15/12/2022.

TERCEIRO. Remitir certificado do presente acordo á Federación Española de Municipios e Provincias.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVICIOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 01/02/2024, na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sométese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 13 votos a favor (3 dos membros do grupo PSOE, 5 dos membros do grupo PP e 5 dos membros do grupo Rianxo en Común), dous votos en contra (dos 2 membros do grupo BNG) e cero abstención dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

5 ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

Dáse conta da proposta presentada:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO: O Concello de Rianxo está interesada/o na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 228 da referida Lei 9/2017 e sendo de interese para esta Entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP, o Pleno da Corporación do Concello de Rianxo ACORDA:

PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente Acordo á FEMP para os efectos oportunos.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 01/02/2024 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 13 votos a favor (3 dos membros do grupo PSOE, 5 dos membros do grupo PP e 5 dos

membros do grupo Rianxo en Común), dous votos en contra (dos 2 membros do grupo BNG) e cero abstención dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

6 CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA) E O CONCELLO DE RIANXO EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA

Dáse conta da proposta presentada:

Exposición de motivos:

Conforme ao establecido no artigo 106.e da LBRL, “É competencia das Entidades Locais a xestión, recadación, e inspección dos seus tributos propios, **sen perxuízo das delegacións que poidan outorgar a favor** das entidades locais de ámbito superior (véxanse as Deputacións Provinciais) ou **das respectivas Comunidades Autónomas**, e das fórmulas de colaboración con outras Entidades Locais, con outras Comunidades Autónomas ou co Estado, de acordo co que estableza a lexislación do Estado. ”

Pola súa parte o artigo 7 do TRLFL indica que “De conformidade co disposto no artigo 106.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as entidades locais **poderán delegar** na Comunidade Autónoma u noutras Entidades Locais en cuxo territorio estean integradas **as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tributarias que esta lei lles atribúe. Así mesmo**, as Entidades Locais **poderán delegar na Comunidade Autónoma** ou noutras Entidades Locais en cuxo territorio estén integradas (véxanse as Deputacións Provinciais), as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación **dos restantes ingresos de dereito público que lles corresponden**.

O artigo 9 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, sinala que “1. Ós órganos das diferentes Administracións Públicas poderán delegar o exercicio das súas competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma Administración, aínda cando non sexan xerárquicamente dependentes, ou nos Organismos Públicos ou Entidades de Dereito Público vinculados ou dependentes de aquelas”.

Tanto o artigo 10 como o artigo 55.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local establecen o principio de colaboración entre a Administración local e o resto de administracións públicas. Neste sentido o artigo 57 de dita lei establece que, con carácter xeral, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e o resto de Administracións Públicas territoriais poderán ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que se subscriban.

Pola súa parte o artigo 7 dos Estatutos da Axencia Tributaria de Galicia, aprobados polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, dispón que a Axencia Tributaria de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración coas entidades públicas instrumentais integradas no sector público autonómico de Galicia e demais entidades instrumentais integradas nel ou con outras administracións públicas ou entidades dependentes das mesmas, nos ámbitos de actuación que,

directa ou indirectamente, lle son propios.

Visto o informe da Tesoureira municipal de data 16/01/2024,

Visto o borrador do texto de Convenio de colaboración entre a ATRIGA e o Concello de Rianxo en materia de recadación en vía executiva,

Visto o informe xurídico de data 24/01/2024,

Visto o informe de intervención de data 24/01/2024,

En virtude do tenor das consideracións xurídicas expostas, e visto o artigo 7 do Decreto 202/2012, do 18 de outubro, según o cal, a Axencia Tributaria de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración coas entidades públicas instrumentais integradas no sector público autonómico de Galicia e demais entidades instrumentais integradas nel ou con outras administracións públicas ou entidades dependentes das mesmas, así coma de conformidade co indicado no artigo 47.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a sinatura do convenio por parte do concello precisa da previa aprobación do órgano plenario, co voto favorable de cando menos a maioría absoluta dos seus membros,

Por todo o exposto, propónse ao órgano competente a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o texto definitivo do Convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e o Concello de Rianxo en materia de recadación en vía executiva que se anexa ao presente acordo.

SEGUNDO. Facultar á Alcaldía da Corporación para a formalización do presente convenio, coma representante da Administración de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7 /1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, entre outros preceptos concordantes.

TERCEIRO. Remitir certificado do presente acordo á Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

CUARTO. Proceder á publicación do presente convenio no portal de transparencia da Sede Electrónica da Corporación, unha vez formalizado polas partes intervenientes aos efectos do seu xeral coñecemento, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIANXO EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA

REUNIDOS

Dunha parte, Don Miguel Corgos López-Prado, na súa condición de Presidente da Axencia

Tributaria de Galicia, en nome e representación da Comunidade Autónoma, e en virtude das facultades que lle conceden as normas xurídicas que regulan o exercicio do seu cargo, e sinaladamente o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

E doutra parte, Don Julián Bustelo Abuín, Alcalde do Concello de Rianxo, en nome e representación do mesmo, en virtude do disposto no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Recoñécense mutua e reciprocamente ambas as dúas partes a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

I

O Presidente da Axencia Tributaria de Galicia ten asignada, segundo o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) e se aproba o seu estatuto, a subscrición, en nome da entidade que preside e nas materias que sexan da competencia da ATRIGA, de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas excluídos da lexislación de contratos do sector público.

II

No marco da colaboración mutua entre as Administracións Públicas e conforme o principio de colaboración establecido no artigo 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ambas partes consideran que sería moi beneficioso establecer un sistema estable de colaboración mutua na xestión recadadora entre a Atriga e as Entidades locais.

Así mesmo tanto o artigo 10 como o artigo 55.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local establecen o principio de colaboración entre a Administración local e o resto de administracións públicas. Neste sentido o artigo 57 de dita lei establece que, con carácter xeral, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e o resto de Administracións Públicas territoriais poderán ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que se subscriban.

Pola súa parte o artigo 7 dos Estatutos da Axencia Tributaria de Galicia, aprobados polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, dispón que a Axencia Tributaria de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración coas entidades públicas instrumentais integradas no sector público autonómico de Galicia e demais entidades instrumentais integradas nel ou con outras administracións públicas ou entidades dependentes das mesmas, nos ámbitos de actuación que, directa ou indirectamente, lle son propios.

III

Por outra banda, o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, sinala que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, axustarán a súa actuación aos principios de lealdade institucional, colaboración e cooperación para o exercicio das

competencias que lles corresponda e eficaz cumprimento das súas tarefas.

IV

O apartado 1 do artigo 8º texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, dispón que as Administracións Tributarias do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais colaborarán en todas as ordes de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais.

Polo exposto, ambas as dúas partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e réxime xurídico

A Axencia Tributaria de Galicia asume a xestión recadadora executiva que lle encomende o Concello de Rianxo, (en diante o Concello), dos tributos e calquera outro recurso de dereito público do que sexa titular o Concello.

A devandita recadación rexeráse:

- a) Pola Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- b) Polo Real Decreto Legislativo 2/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- c) Polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e polas normas e demais disposicións que poidan ditarse no seu desenvolvemento.
- d) Polo Decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadadora da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de Zona.
- e) En xeral, pola normativa vixente aplicable en materia de xestión recadadora.
- f) Polas cláusulas deste convenio.

SEGUNDA.- Ámbito de aplicación

O disposto no presente convenio aplicarase ás débedas cuxa xestión recadadora se encomende polo Concello á Axencia Tributaria de Galicia, a través dos órganos de recadación da mesma e empregando os medios de información e procedementos técnicos desenvolvidos pola Axencia na recadación executiva dos dereitos da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus organismos dependentes.

Para a xestión recadadora que se leve a cabo fora do territorio da Comunidade Autónoma de

Galicia estarase ao disposto no Convenio asinado entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a administración tributaria da Xunta de Galicia para a recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público da Comunidade Autónoma o 22 de setembro de 2006.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello e da Axencia Tributaria de Galicia

1.- Corresponde ao Concello :

- a) Resolver os recursos e incidencias relacionadas coas liquidacións das débedas a recadar.
- b) Expedir as providencias de constrinximento e resolver os recursos de reposición interpostos contra estas, así como tramitar e resolver as solicitudes de suspensión do acto impugnado, informando desta circunstancia á Axencia Tributaria de Galicia, con indicación, de ser o caso, da garantía proporcionada.
- c) Acordar a declaración de crédito incobrable, de conformidade co artigo 173.1 b) da Lei Xeral Tributaria, a proposta dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.

2.- Corresponde á a Axencia Tributaria de Galicia.

- a) Levar a cabo as actuacións do procedemento de constrinximento non citadas no punto 1 anterior.
- b) Resolver as solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pagamento en período executivo, sen prexuízo de que do Concello poida recadar esta función cando o considere oportuno.
- c) Resolver as terzarías que se poidan promover no curso do procedemento de constrinximento.
- d) Coñecer e resolver os recursos de reposición interpostos contra actos de xestión recadadora ditados polos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia en vía executiva, así como tramitar e resolver as solicitudes de suspensión do acto impugnado.
- e) Tramitar e resolver as solicitudes de suspensión automática do procedemento nas reclamacións económico-administrativas interpostas contra actos dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.

A Axencia Tributaria de Galicia dará coñecemento dos recursos que fosen certificados no proceso concursal ao Concello, o cal poderá asumir a súa defensa se o considera oportuno.

- f) A adopción de medidas cautelares nos termos previstos no artigo 81 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.
- g) A execución de garantías consonte ó establecido no artigo 168 da Lei 58/2003 , Xeral Tributaria.
- h) Propor, se é o caso, ao Concello, e unha vez realizadas as correspondentes actuacións, que dite o acto administrativo de derivación de responsabilidade solidaria ou subsidiaria, cando a

Axencia Tributaria de Galicia, no curso do procedemento de recadación dunha débeda do Concello teña coñecemento dalgún dos supostos de derivación de responsabilidade.

Non obstante o anterior, corresponderá á Axencia Tributaria de Galicia a declaración de responsabilidade nos supostos de sucesión ós que se refiren os artigos 39, 40 e 42.1.c), da Lei Xeral Tributaria, así como nos casos de responsabilidade de persoas depositarias de bens embargados ós que se refire o artigo 42.2 da Lei Xeral Tributaria.

3.- Corresponde a ámbalas dúas administracións:

- a) Establecer un sistema de información para colaborar na eficacia recadadora do Concello.
- b) Atender as actuacións realizadas polos interesados e admitir os documentos presentados por estes ante os órganos de ámbalas dúas administracións, que serán comunicados ou remitidos ó órgano competente.

CUARTA.- Procedemento

1.- Iniciación da actividade recadadora e cargo de valores.

Vencidos os prazos de ingreso en período voluntario sen satisfacerse as débedas, o órgano competente do Concello expedirá a correspondente providencia de constrinximento, consonte establece o artigo 167.1 da Lei Xeral Tributaria, que conterá como mínimo os datos que se especifican no artigo 70.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

A Unidade Administrativa designada para o efecto polo Concello remitirá ao órgano competente da Axencia Tributaria de Galicia as débedas constrinxidas nas que a xestión se encomende á Axencia Tributaria de Galicia nos termos do presente convenio. Comunicaranse estes datos en formato de ficheiro e/ou rexistrados directamente na aplicación a través dun acceso remoto.

Rechazáranse as providencias correspondentes a:

- débedas suspendidas ou prescritas,
- débedas para as que reste un período inferior a 3 meses para a súa prescrición a contar dende a data da remisión para a súa xestión en vía executiva,
- débedas correspondentes a debedores que faleceran, ou, no caso de que correspondan a persoas xurídicas que estas estiveran disoltas antes da data da emisión da providencia de constrinximento,
- providencias correspondentes a débedas cuxo importe sexa inferior a 20 €. Esta cantidade poderá ser revisada pola Axencia Tributaria de Galicia e será comunicada ao Concello,
- providencias correspondentes a débedas concursais no caso de que o debedor estea en situación de concurso de acredores e resulte que a data límite de ingreso en período voluntario da débeda sexa posterior á data de declaración do concurso.

2.- Aprazamentos e fraccionamentos de pagamento.

As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pagamento de débedas presentaranse polos obrigados ao pagamento no Departamento de Recadación das Delegacións da Axencia Tributaria de Galicia ou nas Zonas de Recadación en que deba producir efecto o pagamento.

Cando as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento se presenten ante o Concello, aquelas remitiranse ao Departamento de Recadación da Delegación que corresponda en función do territorio do Concello, nun prazo máximo de dez días naturais dende a presentación da solicitude.

3.- Suspensión do procedemento.

A suspensión do procedemento pola interposición de recursos e reclamacións producirase nos mesmos casos e condicións que para as débedas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- Ingresos.

O cobro das débedas obxecto do presente convenio só poderán realizarse polos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia a través de entidades colaboradoras polos medios e procedementos establecidos para a recadación en vía de constrinximento.

Se se producira o cobro por parte do Concello dalgún dereito para o que se iniciase o procedemento executivo, deberá remitirse ó órgano recadador certificación acreditativa, con descargo da parte certificada. En tal caso, o procedemento continuará pola parte pendente, se a houbera, de débeda principal, recarga e custas producidas.

5.- Devolución de ingresos indebidos.

A Axencia Tributaria de Galicia practicará as devolucións de ingresos indebidos que sexan consecuencia de incidencias no proceso de recadación en período executivo.

6.- Alleamento de bens e dereitos.

Para os efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 172.3 da Lei Xeral Tributaria, o Concello comunicará ao Departamento de Recadación da Delegación que estea xestionando a débeda se o acto de liquidación desta é firme.

Non obstante, con carácter previo ó acordo de alleamento dos bens embargados, a Axencia Tributaria de Galicia poderá solicitar do Concello información sobre a firmeza ou non da débeda, debendo aquel contestar no prazo dun mes.

7.- Adxudicación de bens ao Concello.

Cando no procedemento de alleamento algún dos bens embargados ou proporcionados en garantía non se adxudicara, o Concello poderá adxudicarse os ditos bens nos termos establecidos no Regulamento Xeral de Recadación para a adxudicación de bens ó Estado, coas seguintes particularidades:

1ª.- A Axencia Tributaria de Galicia ofrecerá ao Concello a adxudicación, indicando se existen cargas ou gravames preferentes ao dereito daquel, o importe dos mesmos e o valor no que deberán ser adxudicados os bens.

2ª.- O Concello deberá comunicar a resolución adoptada á Axencia Tributaria de Galicia como máximo no prazo de corenta e cinco días naturais.

Entenderase non aceptada a adxudicación unha vez transcorrido o devandito prazo sen contestación expresa.

8.- Custas do procedemento.

Ten a consideración de custas do procedemento de constrinximento, os gastos que se orixinen, derivados da actuación recadadora, especificados no Regulamento Xeral de Recadación.

As custas nas que incorreran os debedores, e que non poidan ser cobradas a estes, correrán a cargo do Concello, minorando o importe a transferir a este na liquidación mensual.

9.- Datas.

Os órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia datarán as débedas constrinxidas por algún dos motivos establecidos na lexislación vixente, así como polo disposto nas cláusulas deste convenio.

A xustificación das datas por insolvencia realizarase nos mesmos termos que para as da Comunidade Autónoma e á vista, de ser o caso, da información adicional que subministrara o Concello. O Concello poderá solicitar aclaración se, ao seu xuízo, non estiveran realizados tódolos trámites.

No caso de que o Concello tivera, posteriormente, coñecemento de datos que non utilizasen na xestión da débeda por insolvencia que permitira a realización de dereito poderá incluír novamente a débeda nun seguinte envío mensual, acompañando documentación xustificativa da súa nova incorporación.

QUINTA.- Custe do servizo

O custe por inicio de xestión será de tres euros e cincuenta céntimos (3,5 €) por cada providencia de constrinximento remitida polo Concello, de acordo co disposto no punto 1 da cláusula cuarta deste convenio.

O custe pola xestión de cobramento realizada será o importe que resulte de aplicar as porcentaxes das recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

O custe previsto nesta cláusula, poderá ser revisado anualmente de mutuo acordo.

SEXTA.- Liquidacións e transferencias de fondos ao Concello

Dentro dos quince primeiros días de cada mes, a Axencia Tributaria de Galicia practicará liquidación pola xestión recadadora realizada no mes anterior por conta do Concello, procedendo a transferir a conta bancaria que con este fin designase o Concello, o importe resultante, que será a diferenza entre as cantidades recadadas e o custe do servizo.

SÉTIMA.- Información ao Concello

A Axencia Tributaria de Galicia remitirá seguinte información ao Concello:

- Mensualmente, os movementos detallados de débedas segundo a liquidación a que se refire a cláusula sexta.
- Trimestralmente, a información relativa á totalidade da xestión recadadora contabilizada no período por conta do Concello.
- Anualmente, a información relativa ao estado en que se atopa a totalidade da débeda remitida polo Concello para a xestión de cobro e que ao final do exercicio figura como pendente.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Co fin de concretar calquera aspecto relacionado co procedemento de recadación establecido por este convenio que precise de desenvolvemento, de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión e control, crearase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento composta polo/a Xefe/a do Departamento Central de Recadación da Axencia Tributaria e a persoa que designe o Concello.

As controversias sobre a interpretación e execución deste poderán ser resoltas por esta comisión.

A comisión reunirse a pedimento dalgunha das partes.

A Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento rexerese, en canto ao seu funcionamento e réxime xurídico, respecto ao non establecido expresamente na presente cláusula, pola normativa específica en vigor.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente Convenio terá unha vixencia de catro anos dende a data da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Para as causas de resolución e efectos desta observarase o disposto nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O convenio tamén poderá ser resolto por denuncia expresa de calquera das partes con tres meses de antelación a súa finalización.

Décima.- Natureza administrativa

Este convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6 do mesmo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

O presente convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno de Galicia.

E, en proba de conformidade as dúas partes firman o presente Convenio.

POLA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA POLO CONCELLO DE RIANXO

Miguel Corgos López-Prado

Julián Bustelo Abuín

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, SERVIZOS ECONÓMICOS, ADMINISTRACIÓN XERAL, en sesión do día 01/02/2024.na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.